



## *La noche y sus etcéteras: 24 voces alrededor de san Juan de la Cruz*

Fernando Donaire (pról.), *Gravitaciones*, Colección Poesía,  
Xixón, 2018, 72 pp.<sup>1</sup>

Tódolos clásicos son rigorosamente os nosos contemporáneos. Extintas as coordenadas culturais e as premisas estéticas dominantes do tempo nas que foron alumeadas, certas obras, porén, preñadas de autenticidade, preservan incólume a súa límpida voz auroral, que se vai enriquecendo, ademais, coas sucesivas revisións que das mesmas fai cada xeración. Deste xeito, reciben un renovado pulo grazas ás novas lecturas e achegamentos, esenciais para manter vivo o seu indomeable poder de suxestión. Como sinalaba lucidamente Italo Calvino no seu saboroso *Perché leggere i classici*, estes

nunca terminan de dicir todo o que teñen que dicir.

En canto a caso senlleiro de Xoán de Yepes, á súa indiscutible condición de clásico hai que engadir, así mesmo, a de poeta fundacional –ou orixinal sistematizador– dun vasto e suxestivo repertorio simbólico. Calquera lector avezado reconecerá o léxico do místico («llama», «fuente», «azuernas»...) ou os seus inmortalis oxímoros («música callada», «soledad sonora»...). O célebre hispanista Gerald Brenan, certamente sagaz, xa reparara nesta peculiar capacidade de san Xoán para «*acuñar imágenes, que pueden, como si nada, recogerse y almacenarse en la mente sin marchitarse*»<sup>2</sup>.

<sup>1</sup> Aviso ao lector. Quen asina esta modesta recensión, escrita integramente no seu fogar durante o período de confinamento, privado do acceso ás librerías e bibliotecas, roga encarecidamente ao lector que saiba desculpar piadosamente certas imprecisións e carencias bibliográficas que poida atopar.

<sup>2</sup> GERALD BRENNAN, *Cosas de España. Ensayos, artículos y crítica literaria*, edición de Carlos Pranger, Fórcola, Madrid, 2019, p. 105.

Cómpre notar tamén que o intricado simbolismo desta poesía xorde da imposibilidade de expresar cabalmente a sustancia do acontecemento místico, é dicir, a manida cuestión da inefabilidade de tan elevada experiencia. Noutras palabras: a insuficiencia da linguaxe para dar conta con eficacia daquilo que pola súa propia natureza resulta sempre radicalmente indicible. Máis concretamente, no que atinxe ao universo concreto do noso ilustre autor, sen dúbida, sobresa a noite, símbolo sanxoanista por antonomasia, como xa advertira José Luis López Aranguren, entre moitos estudiosos.

Sirva esta extensa introdución, pois, polo menos para deixar constancia de que non semella doado achar un título máis inspirado que *La noche y sus etcéteras* que, asemade, alude ao texto poético *Noche oscura* –título cimeiro da súa brevíssima produción lírica–, e a súa indiscutible forza evocadora. Baixo os auspicios da *Semana Sanjuanista* de Úbeda, a editorial Gravitaciones acometía este proxecto que acabaría cristalizando nun traballo coral, primorosamente editado

baixo tan prometedor título. Trátase dunha selecta escolmana que participan vinte e catro poetas contemporáneos, cuxa colaboración redúcese estritamente a unha composición, pertencentes a diferentes xeracións e con sensibilidades estéticas diversas; mais todos eles cinguidos por unha común admiración pola lírica sanxoanista. A saber: María Victoria Atencia, Jesús Beades, José Julio Cabanillas, Carmen Camacho, Eva Chinchilla, Antonio Colinas, Jesús Cotta, Pablo García Casado, Fernando Donaire, Ester Folgueral, Juan Gallo, Enrique García-Máiquez, Estefanía González, Menchu Gutiérrez, Raquel Lanseros, José María Jurado, Antonio J. Mialdea, Constantino Molina, Juanfran Molina, Eugenio Navarro, Miguel d'Ors, Isabel Ordaz, Rosario Pérez Cabaña e Antonio Praena.

Abondará dicir que a noite, tan pródiga en interpretacións, pode ser concibida como unha especie de acicate, un suxectivo punto de partida para que cada poeta elabore con plena liberdade o seu discurso, a súa propia lectura persoal; ou ben, de xeito complementario, como

horizonte ou anhelado cumio dunha dobre procura: poética e mística, cara a ansiada revelación luminosa, o momento, en fin, en que todo parece acadar a súa anhelada diafanidade; instante embebido dunha plena, cegadora clarividencia. Quizais a esta vía, é dicir, a da noite como feraz singradura até o coñecemento máis fondo e radical, vén a apuntar no limiar Fernando Donaire: «*Y es la noche la que espera al hombre para susurrarle al oído su verdad...*».

Non poucos dos poetas seleccionados seguen con moderada fidelidade dito sendeiro. Entre outros, Raquel Lanseros, Fernando Donaire, Rosario Pérez Cabaña ou Constatino Molina, o máis novo dos escritores escolmados, aportan audaces interpretacións, que acreditan a fertilidade da palabra poética de san Xoán, baixo prismas rechamantemente heteroxéneos. Non é infrecuente, por outra banda, o emprego de sintagmas e expresións vertidas directamente de *Noche oscura*, que mesmo en ocasións serven para tecer pezas poéticas inspiradas nun intenso diálogo intertextual. Baste mencionar,

a título de exemplo, «*Ciega, no supe que era noche*», poema no que Carmen Camacho vai intercalando versos cargados dun certo distanciamento irónico: «¡*Oh, Noche que guiaste! Brotar en Ella.* / (Rechace imitaciones)».

Importa sinalar que as prolíficas conversas coa obra poética do místico non se restrinxen de forma exclusiva a *Noche oscura*. Eva Chinchilla escribe en «*Cuán delicadamente cincelas*»:

Oh llama de amor viva  
Estoy viendo tus árboles de cobres  
crecer entre mis cabellos  
lámparas de fuego  
las profundas cavernas del sentido

e Jesús Cotta titula o seu texto «*Aunque es de noche*». Este último, doutra parte, pertence ao reducido grupo de poetas que optan por vieiros expresivos de corte máis tradicional, que podería ser completado por Eugenio Navarro, con «*Fin de la primera parte*», e polo compostelán Miguel d'Ors, que referenda a súa proverbial destreza técnica, cultivando con acerto o soneto en «*Mírame*».

Case nas antípodas, certos poetas parecen avogar por pro-

postas cun ton marcadamente coloquial, situadas en contextos urbanos e actuais, apelando a unha sensibilidade contemporánea. Son textos poéticos, en xeral, que deixan translucir unha menor –ou acaso menos explícita– gravidade relixiosa e metafísica. Nesta dirección estética, destaca o poema «2206HZW», que firma o cordobés Pablo García Casado. En todo caso, non constitúe un caso illado: Estefanía González ensaia en «Órgano» unha poética que incorpora elementos propios da linguaxe relixiosa a un eido doméstico. Baste citar o verso inicial: «*La única habitación interior de mi casa es el cuarto de baño*». Con todo, os poemas, lidos coa merecida atención, baixo o seu enganoso prosaísmo, non deixan de gardar unha certa ligazón co universo estético e místico de san Xoán.

A ollada cristiá, de xeito diáfano, está moi presente; ás veces cun ton de entusiasta confianza no creador, como en «*Lux mundi*», de José María Jurado; ou de forma contida e solemne, en «*Luna en el Getsemaní*», de J. Julio Cabanillas; mesmo introducindo, como fai

maxistralmente Jesús Beades, alusións a Julio Verne, C. S. Lewis ou Sabina, nun poema pleno de intimismo e sensibilidade relixiosa.

Pecha o conxunto un texto de Antonio Praena, dominico e profesor de Teoloxía en Valencia, autor, entre estimables libros de poemas, de *Historia de un alma* (2017), no que xa amosara o seu especial talento para conciliar a fonda bagaxe mística e relixiosa cunha lúcida ollada crítica que denuncia a vacuidade tan propia da nosa época. Paga a pena glosar sequera os maxistrais versos finais, perfecto remate para a antoloxía:

Su amor nos encontró y eso  
hemos dicho.

Con una diferencia:  
tu palabra fue luz, la mía solo un  
rastro de penumbra.

Sen menoscabo de ningún dos nomes seleccionados, especial atención suscitan María Victoria Atencia e Antonio Colinas. Ambos, amais de ser os poetas *seniors* –xunto a Miguel d’Ors–, contan cunha laureada traxectoria. A primeira, que podemos situar na órbita da denominada

xeración dos 50 –criterio puramente cronolóxico– chegaría a recoñecer nalgunha ocasión que unha voz, a de san Xoán, foi «amparo da súa vida». A súa contribución serve de perfecto pórtico para *La noche y sus etcéteras*: «Noche oscura», mostra poética canónica, orixinalmente publicada en *Compás binario* (1984).

En canto a Antonio Colinas, posiblemente o poeta máis lembrado de tódolos que forman parte da antoloxía, merecería só pola marcada filiación sanxoanista da súa traxectoria un comentario máis sisudo. De maneira moi sumaria, por citar unha mostra significativa, hai que lembrar o *Libro de la mansedumbre*, que dá cumprida testemuña da súa débeda co místico. No caso que aquí nos ocupa, os seus versos –que recoñecerán os lectores de *Noche más allá de la noche*– parecen evocar un momento de singular dramatismo na azarosa vida do santo: o penoso cativerio en Toledo e a resolución da fuga –interior e exterior– nocturna. Mais o poema culmina a modo de esperanzada confianza na maxia redentora da palabra poética:

En la noche serena, en honda  
noche oscura  
por soga de dolor, por el astro que  
calma,  
huye el herido en busca de una  
luz más pura:  
la del verso que salva la libertad  
del alma.

Concluído este apresurado bosquejo, só resta salienta, por riba doutras virtudes destacables da escolma, a ponderada mestura de estilos, tons e rexistros poéticos. Cun resultado final, en síntese, plenamente orixinal, e que presenta como trazo máis representativo, sen dúbida, a pluralidade estética. Relixiosos e laicos, prometedores poetas e autores consagrados amosan as múltiples formas de asolagarse no inabarcable océano de san Xoán. E no centro, loce a noite: complexa, ambivalente, polisémica.

Finalmente, convén lembrar un fenómeno crucial, que xa foi apuntado anteriormente de maneira implícita: poeta e místico comparten, como é sobradamente sabido, unha idéntica vocación: a da aventura ariscada, a da procura incesante da plenitude, que se vai desvelando devagar, e que entreabre

un fértil espazo de abundantes concomitancias e converxencias. «Poesía e mística –deixou dito Octavio Paz– *nacen del amor: son una tentación de unirse, con algo más vasto y pleno*». A gozosa lectura de *La noche y sus etcéteras* constata

a vixencia da lección amorosa e existencial de san Xoán; da chama inmortal da súa palabra, que ilumina con renovado e imperecedoiro fulgor aos vates do século XXI.

**Javier Rodríguez González**